

## LIBROS



### GUÍA MICOLÓXICA DOS ECOSISTEMAS GALEGOS

Marisa Castro Cerceda, Alfredo Justo Fernández, Purificación Lorenzo Castro e Ana Soliño Pérez. Ilustracións; Calros Silvar Baía Galego (448 páx.) ISBN: 978-84-96526-23-5

A guía, que recolle as 556 especies máis habituais en Galiza, é especialmente importante para a Micología Galega, porque conxuga nun mesmo traballo a experiencia herdada dos nosos maiores e mestres co zume novo das últimas xeracións de micólogos, formados profesionalmente nas nosas universidades.

A distribución das especies ao longo da obra é diferente ao que se ve habitualmente. Faise por ecosistemas, de tal maneira que cando pasees por unha fraga ou por un bidueiral poidas dirixirte ás páxinas relativas a estes hábitats, o que che facilitará a identificación "de visu".

A guía, dirixida tanto a profesionais como a persoas afeccionadas á micología, segue tamén dúas máximas, unha do saber popular, "só se valora e se pode conservar aquilo que se coñece", e a outra do noso gran fabulador Álvaro Cunqueiro, "...dicir rula e abidueira e dorna e fonte... fanme dono da rula e da abidueira e da dorna e da fonte...", para indicar que só existe e posuímos aquilo que ten un nome, aquilo que coñecemos.

### 'RECURSOS' CERNA PIDE A TÚA COLABORACIÓN

Se estás interesad@ en que divulguemos na revista galega de ecoloxía e medio ambiente Cerna algún libro, CD, revista, película, documental, etc, ponte en contacto con nós no seguinte enderezo electrónico; ramses@adega.info, indicando 'Recursos' Cerna.



### GUÍA DOS CAMIÑOS DO EUME

Chano Eiroa Xerais Galego e español (200 páx.) ISBN: 978-84-9782-862-8

O río Eume percorre algúns dos ecosistemas máis valiosos e, á vez, máis ameazados de Galiza. As turbeiras da Serra do Xistral e as fragas do Eume. Parque Natural, son o nacemento e desembocadura deste curso de 80km. de axitada natureza, principio e fin dun percorrido polos antigos camiños das Terras do Eume.

A medio camiño entre guía e libro de viaxes, atravesando os ríos, bosques e aldeas do Eume, este primeiro libro de Chano Eiroa aprópiase dunha engaiolante paisaxe que se descobre a través de rutas (camiñadas dun día); travesías (de dous días) e aproximacións polos corredores naturais.

Esta guía busca e repasa 200km. de camiños, corredeiras, pistas, rozas e pasos de gando onde dorme a pureza do bosque atlántico. Só con esta cadencia do camiñante, se abre a natureza para que a súa esencia penetre e quede en nós, co seu clima, a súa vida salvaxe, a súa arquitectura tradicional e os seus habitantes.


## VÍDEO



### ITOITZ HUSTU ARTE (ATÉ BALEIRAR ITOITZ)

Itoitzekiko solidarioiak (Solidarios con Itoitz) Eguzki bideoak Euskera, español, inglés, alemán...

DVD que recolle a historia da loita contra unha das maiores barbaridades socioambientais perpetradas no estado español, a presa de Itoiz. Até baleirar Itoitz recolle catro vídeos Solidari@s con Itoiz (1996 - 26 min); European Tour (2000, 48 min); Herriak Bizirik (2003, 60 min) e o que da nome ao conxunto Itoitz (2002, 60 min). Catro vídeos que mostran a perseveranza dun movemento social que non se detén ante ameazas.



### AUGA E SUSTENTABILIDADE. ENFOQUES DUNHA NOVA POLÍTICA DE AUGAS

T.S. Cuesta e X.X. Neira (ed.). Universidade de Santiago (USC) Galego, (165 páx.)

Este libro recolle os relatorios dun curso de verán da USC celebrado en xullo de 2008 en Sada. Son en conxunto dezaseis artigos que versan sobre diferentes aspectos da xestión da auga, desde a cuestión xa clásica mais non resolta da contaminación, achegando novos enfoques nesta materia (saneamento ecolóxico, contaminantes emerxentes, etc.), até os requirimentos da Directiva Marco da Auga e o enfoque centrado nos indicadores biolóxicos da calidade dos ecosistemas acuáticos, pasando por temáticas tan diversas como a auga e o medio rural, os bosques, o cambio climático, os recursos mariños ou o efecto barreira das obras hidráulicas son algunhas das temáticas tratadas.

## NA REDE

LIGAZÓN: [www.ceida.org](http://www.ceida.org)

Galego

Sitio do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia -CEIDA- situado en Oleiros. Entidade que promove a educación ambiental en todos os sectores sociais, así como o intercambio científico e cultural, traballando na procura de solucións aos problemas ambientais e fomentando as boas prácticas cidadás neste eido.

O CEIDA é froito dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel da Xunta de Galiza, o Concello de Oleiros e a Universidade de A Coruña e ten como finalidade coordinar, dinamizar e promover a Educación Ambiental en Galiza.

As liñas de actuación actual do CEIDA son as seguintes; cooperación, conservación, forestal, medio mariño, municipal e turismo,... e conta con tres áreas de traballo: formación e capacitación, educación e divulgación e o centro de documentación en medio ambiente "Domingo Quiroga". O nome deste centro foi elixido polo CEIDA en recoñecemento do labor pioneiro en defensa do medio ambiente de quen foi o primeiro presidente da Asociación ADEGA.

Entre outras seccións, sala de prensa, novidades, aula do mar, etc. na de publicacións podes descargar o Boletín de novidades do Centro de Documentación Ambiental.